

Normas e Avaliación do Traballo de Fin de Grao Curso 2023-2024

Co fin de acadar unha carga de traballo semellante nos Traballos de Fin de Grao (TFG) que debe facer o alumnado ao ser estes titorizados por diversos profesores/as e a que haberá varios tribunais xulgadores, é conveniente establecer unhas pautas para a elaboración de dito traballo e para a valoración dos mesmos.

O TFG será unha revisión bibliográfica sistemática ou unha revisión de revisións (umbrella review) sobre calquera tema do ámbito de ciencias da saúde. Para a realización das revisións sistemáticas seguirase a normativa PRISMA (<http://www.equator-network.org/>) e para a revisión de revisións a guía AMSTAR-2 (http://amstar.ca/Amstar_Checklist.php).

Debe constar de:

- Portada
- Índice (opcional)
- Resume e palabras clave
- Listado de abreviaturas (opcional)
- Introducción/obxectivo
- Material e Método
- Resultados
- Discusión
- Conclusións
- Referencias bibliográficas
- Anexos (opcional)
- Contraportada

Os apartados poderán agruparse en Resultados/Discusión ou ben en Discusión/Conclusións.

Extensión mínima de 15 e máxima de 20 páxinas de texto sen incluír o título, resume, bibliografía e anexos e seguindo as normas de deseño.

Descrición da realización da revisión bibliográfica

As revisións sistemáticas son a referencia estándar para sintetizar a información en ciencias da saúde polo seu rigor metodolóxico. Unha revisión sistemática intenta recompilar todas as evidencias relevantes que se axusten aos criterios de elixibilidade pre-especificados para responder a unha pregunta de investigación.

Unha revisión sistemática, así como unha revisión de revisións sistemáticas, deben aportar coñecemento á ciencia, por tanto non se recomenda levar a cabo unha revisión dun tema xa publicado. No caso de atopar una revisión publicada nas bases de datos consultadas, o TFG deberá proporcionar un análise de un **50% de artigos novos** para evitar a duplicidade.

As características que unha revisión deben cumprir son:

- Conxunto de obxectivos claramente definidos cunha metodoloxía explícita e reproducible
- Busca sistemática que intenta identificar tódolos estudos que cumpran cos criterios de elixibilidade.
- Avaliación da calidade metodolóxica dos achados dos estudos incluídos.
- Presentación sistemática e síntese das características e achados incluídos nos estudos.

As revisións sistemáticas céntranse sobre todo en estudos de intervención (particularmente en ensaios clínicos), pero poden incluírse outros tipos de investigación. **QUEDAN EXCLUIDOS os estudos de caso e revisións bibliográficas na realización dun traballo de tipo revisión sistemática (non en revisión de revisións).**

A continuación se indica a información que debe conter cada un dos apartados do traballo fin de grao.

- **RESUMO**

O resumo debe ser **estruturado** (segundo os apartados do TFG). O resumo proporciona información clave que permite aos lectores comprender o alcance, os procesos e os resultados da revisión bibliográfica. Debe presentar unha avaliación equilibrada e realista dos achados da revisión.

- **PALABRAS CLAVE**

Son palabras que identifican a revisión sistemática realizada no traballo fin de grado segundo os termos do **Medical Subject Headings (MeSH)** do Index Medicus. As palabras deberán estar en castelán ou galego e separadas por punto e coma. Se incluírán entre 3 e 5 palabras clave.

- **INTRODUCCIÓN**

No apartado de introdución deberase comprender a decisión de realizar a revisión sistemática sobre o tema escollido e o que os resultados poden aportar o que xa se coñece. A introdución debe describir coñecementos previos sobre o tema e proporcionar unha xustificación sobre a realización da revisión bibliográfica.

Dentro da introdución debe incluírse o obxectivo, o cal debe adecuarse a unha pregunta de investigación, a cal se coñece como pregunta PICO (Participants, Interventions, Comparators and Outcomes).

Esta pregunta por tanto, debe ter en conta 4 compoñentes, que son as características dos participantes que se desexa estudar, a intervención que se pretende avaliar, as comparacións con outras intervencións de ser o caso e as medidas de resultados para avaliar ditas intervencións. Non é necesario que a pregunta PICO apareza no traballo, pero si que se empregue para chegar a pregunta de investigación.

- **MATERIAL E MÉTODOS**

Especificar as características dos estudos que van ser escollidos para a revisión , usando os criterios de elixibilidade (criterios de inclusión e exclusión).

Describir todas as fontes de información na busca e a data na que se realizou a busca.

A busca sistemática pode incluír unha variedade de fontes de información incluídas as bases de datos bibliográficas electrónicas, as listas de referencias, contacto cos autores dos estudos incluídos, rexistros de estudos e literatura gris.

Como mínimo deberase facer a busca **en 5 bases de datos**, sendo recomendable utilizar máis bases de datos co obxectivo de acadar o maior número de rexistros que cumpran o obxectivo marcado. Unha das bases de datos consultadas deberá ser PubMed. En situacións nas que sexa difícil identificar todos os estudos relevantes mediante buscas manuais e buscas en bases de datos, si se planea calquera outra busca, como listas de referencias, para complementar a busca, se debe informar.

Presentar a estratexia de busca completa, incluíndo os descritores, os conectores e os límites utilizados de tal forma que poida ser reproducible.

Describir o método para avaliar a calidade metodolóxica e/ou a avaliación de risco de nesgo dos estudos incluídos na revisión. **É importante que as ferramentas empregadas para avaliar a calidade metodolóxica ou o risco de nesgo sexan as máis actualizadas posibles, evitando empregar versións antigas da mesma escala ou cuestionario.**

- **RESULTADOS**

Indicar o número de estudos seleccionados, avaliados para determinar a súa elixibilidade e incluídos na revisión coas razóns de exclusión en cada etapa do proceso de busca. Esta información debe mostrarse co diagrama de fluxo descrito na normativa Prisma: <http://prisma-statement.org/>

Presentar as características principais dos estudos incluídos na revisións (características dos participantes, das intervencións, das medidas de resultado, dos períodos de seguimento, etc), así como os datos dos resultados dos estudos ademais de proporcionar as citas bibliográficas.

Deberá existir un nexo de unión entre os diferentes resultados.

É recomendable que se empreguen táboas para a exposición dos resultados. Deben presentarse os datos sobre o risco de nesgo e/ou calidade metodolóxica.

A calidade metodolóxica debe de ser avaliada a través dun instrumento específico para ese fin (Exemplos: Escala Jadad e escala Pedro para ensaios clínicos, Critical Review Form for Quantitative Studies para estudos cuantitativos, etc). A escala ou ferramenta empregada para o análise da calidade metodolóxica debe ser axeitada para o tipo de estudo a analizar e debe empregarse axeitadamente polo alumnado. No caso de avaliar o risco de nesgo, empregaranse os criterios marcados por The Cochrane Collaboration. **É importante que as ferramentas empregadas para avaliar a calidade metodolóxica ou o risco de nesgo sexan as máis actualizadas posibles, evitando empregar versións antigas da mesma escala ou cuestionario.**

- **DISCUSIÓN**

Resumir os principais achados da revisión, incluída a solidez da evidencia para cada resultado principal considerando a súa relevancia para grupos clave como persoal sanitario, usuarios ou formuladores de políticas entre outros.

O alumnado debe intentar relacionar os resultados da revisión con outros anteriormente publicados xa que isto axuda aos lectores a interpretar mellor os resultados. Por exemplo, pode haber outras revisións sobre o mesmo tema en xeral que utilizaran métodos ou abordaron preguntas relacionadas pero lixeiramente diferentes. Todos os resultados da revisión deben discutirse neste apartado.

Discutir as limitacións a nivel dos estudos e a nivel da revisión, ademais de establecer futuras liñas de investigación.

- **CONCLUSIÓN**

Proporcionar unha interpretación xeral dos resultados e informar sobre as implicacións para futuras liñas de investigación.

As revisións as veces extraen conclusións demasiado optimistas ou no consideran os resultados negativos coa mesma atención que os resultados positivos. Se non se poden sacar conclusións porque hai poucos estudos fiables ou demasiada incerteza sobre un tema, iso debe indicarse. Esta conclusión pode ser tan importante como atopar efectos consistentes de varios grandes estudos.

- **REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS**

O traballo será referenciado segundo as normas de Vancouver e enumerarase de forma correlativa con superíndice segundo orde de aparición no texto por primeira vez, utilizando un xestor bibliográfico.

É necesario empregar como mínimo 15 referencias bibliográficas entre artigos de revistas e de libros, os cales estarán limitados a 2 ou 3 como máximo.

Na bibliografía non é necesario poñer vínculo a non ser que sexa unha revista exclusivamente en formato electrónico, pero si engadir ao final da mesma o número DOI da publicación si existe.

No texto do traballo, si o artigo ten un ou dous autores, cítase o primeiro apelido de cada un sen iniciais coa referencia en superíndice e sen parénteses. Si son máis de dous autores, cítase co apelido do primeiro autor seguido de et al. seguido do número da referencia: "García et al.¹"

Cando despois dunha referencia vai un signo de puntuación este debe ir despois do número en superíndice.

- **ANEXOS**

Os anexos son contidos que se agregan ao final do traballo de fin de grao para ampliar a información presentada, **pero sen resultar imprescindibles para a súa comprensión**. Si se poñen cuestionarios ou escalas como anexos non fai falla referencialos.

- **ABREVIATURAS**

As abreviaturas empregadas deben estar explicadas sempre no texto a primeira vez que aparezan, por exemplo: "as actividades da vida diaria (AVD)". Despois poderá empregarse sempre a abreviatura.

É opcional realizar un índice de abreviaturas, denominado listado de abreviaturas.

As abreviaturas das táboas ou figuras deben identificarse sempre en forma de lenda na marxe inferior da propia táboa ou figura.

As abreviaturas de escalas ou cuestionarios serán no idioma co que se denomine a escala ou cuestionario no texto identificándose o longo do texto da mesma maneira.

- **TABOAS E FIGURAS**

Tódalas táboas e figuras deberán levar título (as táboas na parte superior e as figuras na parte inferior). Ademais tódalas abreviaturas / símbolos que aparezan deberán identificarse cunha lenda ao pé da táboa ou da figura.

Formato:

Para os apartados utilizaranse maiúsculas e negriña e os subapartados en minúsculas e negriña, letra Arial tamaño 12.

Parágrafo: alienación xustificada, sangría na primeira liña de 1,25; entreliñado 1,5; espaciado anterior 6 puntos. Fonte, letra Arial tamaño 11.

A información contida nas táboas, gráficos, figuras así como no pé das táboas, gráficos e figuras non ten que respectar a normativa indicada anteriormente.

As páxinas nunha soa cara cos marxes superior, inferior e lateral dereito de 2,5 e lateral esquerdo de 3. Na marxe superior o título do traballo e na marxe inferior o nome e apelidos do alumnado e numeradas na parte inferior dereita, letra Arial tamaño 8.

Deseño

A encadernación realizarase plastificada, cun grosor de 2,80 gr, cosido e pegado, coa portada e contraportada segundo o deseño que hai na plataforma MOOVI. No lombo irá o título do TFG e o ano 2023-2024.

Primeira folla en branco. Seguinte folla cos mesmos datos que a portada. A continuación o Resume, o listado de abreviaturas (opcional) e o TFG, rematando cunha folla en branco. A entrega do TFG en Moovi (pdf e word) deberá seguir este mesmo formato.

Avaliación dos TFG

A Xunta de Centro nomeará Tribunais con tres membros, Presidente/a, Secretario/a e Vogal.

Unha vez verificado que o traballo se adapta as normas e superada esta fase, o alumnado deberá expoñer e defender o traballo (seguindo as táboas de incumprimento).

O tribunal terá en conta:

- A relevancia do traballo.
- A presentación en medios audiovisuais.
- A claridade na exposición, axustándose ao tempo marcado de entre 7-10 minutos. Será motivo de non superación un tempo inferior a 6 ou superior a 12 minutos.
- A defensa ante as preguntas do tribunal.

Para a valoración da defensa utilizarase como guía a rúbrica de valoración do TFG.

O TFG do alumnado que presente na convocatoria Fin de Carreira e a convocatoria do Primeiro cuadrimestre, deberá adecuarse as normas de realización do curso académico anterior.

A defensa do traballo ante o tribunal considérase de carácter público para todo o alumnado matriculado na materia.

Elección de titor/a

A elección de titor/a a realizará o alumnado segundo o Regulamento do Traballo de Fin de Grao da Facultade de Fisioterapia (dispoñible en Moovi). Cada titor ou titora establecerá os seus propios criterios e normas para titorizar ao alumnado, sendo responsabilidade dos titores/as comunicar ao alumnado que criterios seguen para elixir e, de ser o caso, cal é o motivo polo que escollen ou non a un alumno/a.

Os prazos de elección, así como a adxudicación de titores/as ao alumnado que non teña, veñen detallados no Regulamento do Traballo de Fin de Grao da Facultade de Fisioterapia (dispoñible en Moovi).